

* Realizar propostas ao consello escolar para as melloras necesarias.

* Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.

* Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.

* Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.

* Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao consello escolar.

* Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Vista a proposta do director xeral de Creación e Difusión Cultural, en conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

RESOLVO:

Primeiro.-Intégranse na Rede de Bibliotecas de Galicia os centros bibliotecarios relacionados no anexo, comezando pola Biblioteca Pública Municipal de Ames e rematando pola Biblioteca Especializada da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumprirse este prazo deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solici-
tude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Biblioteca Pública Municipal de Ames.
Biblioteca Pública Municipal de Boqueixón.
Biblioteca Pública Municipal de Corcubián.
Axencia de Lectura do Centro Social Armental, de Sada.
Biblioteca Pública Municipal da Fonsagrada.
Biblioteca Pública Municipal de Oourol.
Biblioteca Pública Municipal de Palas de Rei.
Biblioteca Pública Municipal de Vilalba.
Biblioteca Pública Municipal da Estrada.
Biblioteca Pública Municipal da Guarda.
Biblioteca Pública Municipal de Vilaboa.
Biblioteca Especializada da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais de ámbito territorial igual ou inferior ao provincial para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e no artigo 32 que lle corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan ao deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes.

Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte con esta orde quere establecer

un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución dos recursos destinados ao fomento de actividades culturais, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. É obxecto desta orde fixar para o exercicio de 2009 o réxime de concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades culturais concretas, polas asociacións e fundacións culturais sen ánimo de lucro, de ámbito de actuación igual ou inferior ao provincial, que sexan solicitadas á Consellería de Cultura e Deporte, conforme o procedemento que a continuación se establece.

Inclúense nesta orde os programas e actividades desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación desta orde.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdense por programas e actividades culturais concretas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural; á difusión e animación sociocultural que contribúen ao espallamento e promoción da cultura galega, en particular poderán ser obxecto de subvención, sen ánimo de exhaustividade, os gastos de persoal para a dirección e coordinación das actividades; difusión; promoción; materiais necesarios; creación; gastos para os organizadores derivados da participación nas actividades dos convidados etc.

3. Quedan excluídas desta orde os cursos de idiomas; informática; excursións; campamentos; adquisición de equipamentos; as festas gastronómicas e as festas locais ou patronais, agás as actividades e programas especificamente culturais a elas asociados e que respondan ao previsto nesta orde. Así mesmo tampouco se poden acoller a esta orde aqueles programas ou actividades nos que xa colabore economicamente a Consellería de Cultura e Deporte.

4. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

c) Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2009.

d) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

E, supletoriamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe inicial máximo de trescentos setenta mil euros (370.000 €), sen prexuízo de que este orzamento inicial poida ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de doce mil euros por beneficiario (12.000 €). Así mesmo cada solicitante non poderá acadar una axuda superior ao 75% do orzamento total da actividade subvencionable.

4. O importe máximo destas subvencións non poderá, en caso ningún, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións as asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro, con domicilio social en Galicia e ámbito de actua-

ción territorial igual ou inferior á provincia e que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se atopen legalmente constituídas e inscritas nos rexistros correspondentes, así como no censo de entidades culturais da Consellería de Cultura e Deporte.

2. Non poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que se desexen acoller a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida á delegada ou delegado provincial da Consellería de Cultura e Deporte que corresponda, segundo o modelo que figura como anexo I, e poderán presentala na Oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación que a seguir se relaciona:

a) Fotocopia do CIF da entidade e DNI do representante.

b) Documentación que acredite a representación da persoa que formula a solicitude.

c) Declaración das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas, no modelo que figura como anexo II.

d) Memoria relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver, que constará como mínimo de:

-Descrición o máis detallada posible do programa e de cada unha das actividades que o compoñen.

-Contribución ao fomento e difusión da cultura e da lingua galega.

-Potencial número de beneficiarios do programa ou actividade.

-Repercusión territorial de cada programa ou actividade.

- Relación de actividades culturais realizadas pola entidade nos dous últimos anos.

e) Calendario de execución de cada unha das actividades.

f) Orzamento desagregado de cada unha das actividades que integran o programa.

g) Poderá achegarse calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que sexa pertinente para unha mellor valoración da súa solicitude.

A memoria, calendario e orzamento deberán estar debidamente asinados polo representante da asociación.

3. Os anexos I e II desta orde poderanse obter, ben fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* en que se publique a convocatoria de axudas, ou ben na páxina da internet <http://culturaedeporte.xunta.es/>.

Artigo 5º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, considerárase que desistiu da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-Instrución do procedemento e selección de solicitudes.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural ou, se é o caso, ás delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverán de oficio cantas actuacións coiden necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A Comisión de Avaliación a que se fai referencia no artigo 1º estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o director xeral de Creación e Difusión Cultural.

-Seis vogais: a subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural, a xefa do Servizo de Promoción e Difusión Cultural e un funcionario por cada Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, designado polo delegado provincial.

-Un funcionario, designado polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, que actuará como secretario.

A comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios:

a) Número de actividades realizadas nos dous anos anteriores: ata 5 puntos.

b) Número de medios materiais necesarios para a execución do programa: ata 5 puntos.

c) Carácter continuado e non ocasional do proxecto: ata 5 puntos.

d) Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade: ata 5 puntos.

e) Repercusión territorial do programa ou actividade, valorando a xeración de dinámicas comarcais: ata 5 puntos.

f) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: ata 5 puntos.

Se o nivel de autofinanciamento é superior ao 10% ata o 20%: 1 punto; por importe superior ao 20% ata o 30%: 2 puntos; por importe superior ao 30% ata o 40%: 3 puntos; superior ao 40% e ata o 50%: 4 puntos; por importe superior ao 50%: 5 puntos.

O informe que emita a comisión valorará a totalidade dos expedientes que cumpren os requisitos previstos nesta orde.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada concedendo subvencións, ata o límite do crédito dispoñible, a aqueles solicitantes que obteñan unha puntuación mínima que será fixada polo propio órgano instrutor, tras o exame das solicitudes. Así mesmo, utilizaranse criterios de repartición territorial por provincias de carácter equitativo que poderán ter en conta a situación sociodemográfica e o número de solicitudes.

En caso de que existan empates na puntuación, valorarase en primeiro lugar o criterio do autofinanciamento e, no caso de que o empate se manteña, terase en conta a data de presentación da solicitude.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 7º.-Resolución.

A competencia da resolución de concesión das axudas delégase nos delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o límite dos créditos que se desconcentren, e no artigo 9 do Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte. A delegación esténdese á competencia para resolver os recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra as resolucións por eles ditadas.

Á vista da proposta de resolución, a delegada ou o delegado provincial correspondente ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación da acti-

vidade ou actividades subvencionadas e os importes das axudas concedidas.

Artigo 8º.-Notificación e desestimación.

O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa faculta o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 9º.-Aceptación, xustificación e pagamento.

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante do beneficiario.

2. Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar a totalidade do orzamento subvencionable antes do 1 de novembro de 2009, mediante a presentación das facturas, xustificación bancaria do aboamento destas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

Presentaranse os orixinais das facturas xustificativas dos gastos realizados, acompañados dos documentos de valor probatorio que acrediten o seu pagamento. Os orixinais das facturas serán devoltos aos beneficiarios unha vez selados ata o importe máximo de subvención.

O pagamento poderase acreditar por algún dos seguintes documentos: xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria que acredite que a factura de que se trata foi efectivamente aboada ou copia de talón nominativo e extracto de carga en conta.

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 1.000 €. Neste caso, admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor en que figure a expresión Recibín en metálico.

Presentarase unha relación detallada destes xustificantes, cunha memoria explicativa das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, publicidade xerada. Cada un destes documentos deberá estar debidamente asinado polo representante da asociación e presentarase por duplicado. Tamén se presentará certificación expe-

dida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención.

3. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.

2. A actividade subvencionada con cargo a esta orde deberá contribuír á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolve-ranse en galego.

3. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal foron concedidos, deberán comunicarlle á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte que corresponda o día e a hora da actividade subvencionada. A delegación provincial poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

4. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada, sempre que sexan actividades posteriores á notificación da resolución de concesión da axuda, que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Cumprirán, así mesmo, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

5. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petitionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

6. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 11º.-*Anulación e reintegro da axuda.*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruírá expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Recursos.*

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto.

Artigo 13º.-*Publicidade.*

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

2. Consonte ao artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

ANEXO I

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDIMENTO SUBVENCIONS A ASOCIATIONS E INSTITUCIONS CULTURALS DE AMBITO TERRITORIAL IGUAL OU INFERIOR AO PROVINCIAL PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURALS | CODIGO DO PROCEDIMENTO CD205A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | | |
|--------------------|--|---------------|-----------------|
| ENTIDADE | | | CIF / NIF |
| PRIMEIRO APELIDO | | | SEGUNDO APELIDO |
| NOME | | NIF | |
| ENDEREZO | | | PROVINCIA |
| CONCELLO | | CODIGO POSTAL | TELEFONO |
| AMBITO DA ENTIDADE | | | |

E, na súa representación:

| | | | |
|------------------|-----------------|----------|--------------------|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |
| ENDEREZO | | | PROVINCIA |
| CONCELLO | CODIGO POSTAL | TELEFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

Proxecto que se vai realizar: _____

Ámbito territorial de realización do proxecto: _____

Cantidade solicitada: _____ 0,00 € Contía do proxecto: _____ 0,00 €

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Fotocopia do CIF da entidade.
- DNI do representante.
- Documentación acreditativa da representación.
- Declaración das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas en anexo II.
- Memoria detallada relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver segundo artigo 4.2.d.
- Calendario de execución do programa ou actividade.
- Orzamento desagregado do programa ou actividade.

OBSERVACIONS

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

| | | |
|---|--|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE -Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais de ámbito territorial igual ou inferior ao provincial para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. -Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. -Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado. -Lei 16/2008, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2009. -Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. E supletoriamente: -Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. -Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. -Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ _____ REVISADO E CONFORME _____ _____ | NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ |
| SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE _____ Lugar e data _____, de _____ de _____ | Delegado/a provincial da Consellería de Cultura e Deporte na provincia de _____ | |

